



Concello de Xermade

María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade (Lugo)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 22/07/2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3º. Contratacións administrativas

3.3. Adxudicación da subministración de enerxía eléctrica para o Concello de Xermade. Expediente 355/2020.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 21 de xullo de 2020, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: adxudicación da subministración de enerxía eléctrica para o Concello de Xermade. Expediente 355/2020.

Vista a necesidade de licitar a subministración de enerxía eléctrica para alumeados públicos, infraestruturas e edificios municipais, que ata o momento víñase prestando sen licitación previa, é preciso tramitar un procedemento de contratación conforme á Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

Tendo en conta a natureza das actuacións, estamos ante un contrato administrativo de subministración regulado no art. 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), cuxa necesidade, de acordo co art. 28 do LCSP ven xustificada pola necesidade de contar co material necesario para levar a cabo tarefas administrativas nos edificios municipais nos que se prestan servizos á veciñanza.

Visto que o valor estimado, como máximo, ascende a contía de noventa e nove mil setenta e catro euros e trinta e seis céntimos (99.074,36 euros), estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto simplificado, por razón da contía (art. 159.6 LCSP), así coma por mor da axilidade e celeridade na contratación necesaria no presente caso dado que a subministración debe estar adxudicada antes do 1 de setembro de 2020.

A Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de contratación na sesión ordinaria celebrada o 23/06/2020, por procedemento aberto simplificado sumario.

Rematado o prazo de presentación de ofertas o 15/07/2020, a mesa de contratación reuniuse o 16/07/2020 resultando:

“(…) 3.- *Propuesta adjudicación: 355/2020 - Suministro de energía eléctrica para el Concello de Xermade*

De acuerdo a la evaluación de las propuestas aportadas por los licitadores, la mesa concluye la siguiente lista ordenada de manera decreciente de puntuación de acuerdo a las puntuaciones obtenidas por los licitadores en las diferentes fases:

+ 1 - *Baja tensión: tarifas 2.0A y 2.0DHA*

Orden: 1 CIF: A61797536 GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 10.0

Total puntuación: 10.0

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 6CLHRH7WZ974Z657FAC6J4TNP | Corrección: https://concello.xermade.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Concello de Xermade

Orden: 2 CIF: A95758389 IBERDROLA CLIENTES S.A.U

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 8.94

Total puntuación: 8.94

Orden: 3 CIF: B65552432 Aura Energia S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 8.37

Total puntuación: 8.37

+ 2 - Baja Tensión: tarifas 2.1DHA y 3.0A

Orden: 1 CIF: A61797536 GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 10.0

Total puntuación: 10.0

Orden: 2 CIF: A95758389 IBERDROLA CLIENTES S.A.U

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 8.62

Total puntuación: 8.62

Orden: 3 CIF: B65552432 Aura Energia S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 8.23

Total puntuación: 8.23

En consecuencia, la mesa acuerda requerir al licitador que presentó la mejor oferta para que presente la documentación prevista en la cláusula décimo sexta del pliego de cláusulas administrativas particulares. A mayores, debe acreditar el apoderamiento, dado que en el ROLECE ni figura inscrito como apoderado D. Ramón Lozano Bujer.”

O 17/07/2020 notificouse o requirimento de documentación á proposta como adxudicataria.

A proposta como adxudicaria achegou documentación o 21/07/2020, con rexistro 2020-E-RE-171.

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 6CLHRR7WZ974Z657FAC6J4TNP | Corrección: https://concelloxermade.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



Concello de Xermade

Consta informe de fiscalización previa da fase D, en sentido favorable, emitido pola Secretaría-Intervención municipal, en data 22/07/2020.

Consta informe da Tesouraría do Concello de Xermade de que a interesada non ten débedas co concello, de data 22/07/2020.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional segunda da LCSP ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, o órgano de contratación do Concello de Xermade é a Alcaldía, posto que o valor estimado do contrato (99.074,36€) non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento do 2020 (170.563,57€).

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 396/2019 o 30 de xullo (BOP n.º 186 do 14/08/2019), o órgano competente para a adxudicación do contrato é a Xunta de Goberno Local.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade coa Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Adxudicar o **contrato de subministración de enerxía eléctrica do Concello de Xermade** a Gas Natural Comercializadora SA (CIF A61797536), que acadou a mellor puntuación (10 puntos) consonte á seguinte proposición económica:

| LOTE I | | | | | | |
|---------|-------------|------------|-------------|------------|----------|-------------|
| | CONSUMO | POTENCIA | TOTAL NETO | IVA | I.E. | TOTAL BRUTO |
| NATURGY | 12.473,59 € | 5.862,91 € | 18.336,50 € | 3.850,67 € | 937,49 € | 23.124,65 € |

| LOTE II | | | | | | |
|---------|------------|-------------|-------------|------------|------------|-------------|
| | CONSUMO | POTENCIA | TOTAL NETO | IVA | I.E. | TOTAL BRUTO |
| NATURGY | 9.792,46 € | 10.934,58 € | 20.727,04 € | 4.352,68 € | 1.059,71 € | 26.139,43 € |

Segundo.- Aprobar un gasto por importe de dezaioito mil novecentos trinta e un euros e sete céntimos (18.931,07€) con cargo ás aplicacións orzamentarias 165 221, 312 221, 323 221, 332 221, 342 221, 410 221e 920 221 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Notificar a presente resolución á adxudicataria e publicar o anuncio de adxudicación no Perfil do contratante e na plataforma de contratación do estado.

Xermade, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Roberto García Pernas”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.”

E para que conste, coa salvidade prevista no art. 206 do RD 2568/1986, do 28 de novembro (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais) expido a presente certificación, en Xermade, de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, don Roberto García Pernas, na data da sinatura dixital.

A secretaria-interventora

Visto e praxe,

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 6CLHRH7WZ974Z657FAC6J4TNP | Corrección: https://concelloxermade.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



Concello de Xermade

O alcalde



Cod. Validación: 6CLHRH7WZ974Z657FAC6J4TNP | Corrección: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027